

VIERNES, 28 de noviembre de 2008

REPORTAJE: LUCES

## As artes en tempos sombrizos

Alén da industria cultural, a crise remata por entremeterse na creación

DANIEL SALGADO | 28 NOV 2008

Archivado en: [Comunidades autónomas](#) [Administración autonómica](#) [Galicia](#) [Literatura](#) [Administración pública](#) [España](#) [Arte](#) [Cine](#) [Cultura](#)

O escritor Alberto Lema fala de "oblicuidade". E cada un dos consultados, escritores, críticos de cinema ou "produtores" de arte escapan de establecer mecanicismos. As problemáticas conexións entre tempo histórico e expresión artística, a xestión do real nunha obra de arte, retornan no intre no que os mercados financeiros se veñen abaixo. Á pregunta de cómo o que analistas de diversa condición non dubidan en cualificar de fin do capitalismo liberal se introduce nos papeis, nas cámaras ou mesmo nos museos, a única resposta común refírese á ausencia de causalidade. "Non existe unha correspondencia liñal entre crise e produción artística", sinala a documentalista María Ruido, que vén de expoñer o seu traballo en México D.F., "e os contextos sociais dan resultados que non sempre son esperábeis".

"Trátase da fin da fin da historia", asegura o escritor Alberto Lema

"Non existe unha correspondencia liñal entre crise e produción artística"

O editor e poeta Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, 1958) publicou, no xornal *Galicia Hoxe*, un artigo de título explícito: *Creación artística e crise económica*. Alén dos riscos para a industria cultural, específicos mais arrimados aos doutros sectores produtivos, Fernán Vello remítase ao lingüista estadounidense Noam Chomsky. "As crises económicas, di Chomsky, vense acompañada da aparición de expresións artísticas de grande interese", afirma, "e eu parto de que a creación con ánimo de perdurabilidade non debe ser allea aos ritmos da sociedade". Segundo o autor de *Territorio da desaparición*, "o capitalismo produce unha arte para ser consumida, para o mercado; a crise financeira provoca a metástase do sistema; deberán aparecer outras lecturas da realidade".

O enfoque material domina a reflexión de María Ruido. Co proxecto *Plan Rosebud*, unha investigación sobre as políticas da memoria, en marcha, á artista ourensá (1967) preocúpalle que "os produtores de arte sexan conscientes da posición que ocupan". Para Ruido, que recolle as liñas de forza do pensamento de Walter Benjamin, o tempo sociopolítico no que traballa "é chave á hora de producir". E o circuíto produtivo da arte. "Porque os gobernos recurtarán os orzamentos dedicados á arte", asegura, "pero comezarán pola base do sistema".

É dicir, Miquel Barceló ou Damien Hirst seguirán cobrando cifras desorbitadas polo seu traballo "mentres os estudantes de Belas Artes non teñen bolsas para estudar fóra e, en Galicia, non hai fondos para crear un centro de produción". Coincide Miguel Anxo Fernán Vello nunha denuncia, aínda que menos concreta, da "mercantilización das ideas que acontece na globalización neoliberal".

O ensaísta Francisco Sampedro (A Coruña, 1956) vén de entregar ao prelo a tradución de *Pequeno panteón portátil*, o último libro de Alain Badiou (Rabat, 1930). Preocupado pola delimitación e funcionalidade da ideoloxía, apunta que "estamos nos comezos da crise, e iso é opinión de analistas de todas as cores". "No principio dunha situación así", explica, "adoita haber un repregamento individualista que, no poder, se manifesta nun esteticismo de elite". Así

asimilou o modernismo inglés, nas primeiras décadas do século XX, a fin do Imperio. Para o escritor Alberto Lema (Vimianzo, 1975), os poemas d'*A terra baldía* de T.S. Eliot ilustran "unha relación das artes co real oblicua". "Porque no mesmo tempo de crise en Occidente que Eliot escribía *The Waste Land* [1922], Brecht escribía as súas comedias, no aquí e no agora", di.

Lema, que en breve terá novo libro nos comercios -*Sidecar*-, fala dunha "fin da fin da historia. Iso debería levar canda si a desaparición do programa cultural da fin da historia, é dicir, do posmodernismo". E anota, divertido, un síntoma: "Viña oíndo na radio que o *Manifiesto Comunista* multiplicou edicións; iso demostra a interacción entre a crise económica e a literatura". Para a poeta Chus Pato (Ourense, 1955) unha crise entremétese no desenvolvemento das artes en xeral se "fai posíbel un cambio na percepción estética do mundo, unha variación na mirada, na voz, sobre todo no tacto e no pensamento; deste cambio agromarán novas técnicas na literatura".

Chus Pato pensa na crise que desencadeou o *crack* bursátil de de 1929. "Acelerou a historia que conduciu á II Guerra Mundial e esa guerra mudou case ao 100% a percepción do mundo", e enumera: toda a arquitectura fascista europea, os bombardeos sobre poboación civil, os avances da medicina, a racionalidade dos campos de exterminio. Pero confesa non saber "se a actual é unha crise ou un pequeno axuste do capital". "De que xeito mudou a miña percepción?", pregúntase, "nin idea; polo de agora asombro, ignorancia, incerteza e mirar para outro lado a ver se escampa".

Da II Guerra Mundial tamén fala María Ruido, quen consigna "un retorno á orde, á arte abstracta para o salón da casa" excedida a confrontación bélica. E non era, segundo a artista, cuestión de réxime autoritario ou parlamentario: "Esa volta ao formalismo ocorreu en Estados Unidos pero tamén en España". A arte que máis interesa a Ruido xorde en tempo de pulo económico, probabelmente o último ciclo de crecemento delongado, "na Europa dos 60 e dos 70".

Miguel Anxo Fernán Vello esgrime "escasa perspectiva". "Con todo, na poesía, que adoita situarse na vangarda da percepción da realidade", reconta, "hai autores que anticiparon unha viraxe crítica e atenderon ao material". Ofrece dous títulos: *Contra Maquieiro* (2005), de Méndez Ferrín, e *Migracións* (2008), de Rafa Villar. "Xosé María Álvarez Cáccamo vibra nesa dirección dende hai anos", engade. Chus Pato contrapón a actualidade aos ataques en Nova York do 11 de setembro de 2001: "No que escribo non detecto cambios, agora trato de elaborar algo sobre o tempo e os enigmas; porén, no 11-S escribín de inmediato, inducida polas imaxes".

O autor d'*A violencia excedente*, Francisco Sampedro, reclama dos traballadores intelectuais a recuperación de "dous significantes deturpados: a liberdade, que obvia o dereito á existencia, e a democracia, que debe ser algo máis que a alternancia de grupos no poder". E non evita citar, sen resignación, a Baruch Spinoza: "Onde hai opresión, hai resistencia".

## "Por que nos interesa 'Potemkin'?"

"Como é posíbel que nos siga interesando o *Acoirazado Potemkin*?", interrógase María Ruido, e conecta a época do esplendor cinematográfico soviético coa dialéctica da arte e o tempo de crise. "Eisenstein é máis importante que dicir 'vou facer un documental sobre a crise'", afirma, "iso ten máis que ver coa reportaxe xornalística".

Mais José Manuel Sande, responsábel de programación do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), historiador e colaborador de *Cahiers du Cinema*, rexistra "un cuestionamento do sistema dominante en certas tentativas cinematográficas". E cita a "efervescencia" do cinema arxentino pos-*corralito*. "**Toda a** xeración de Lucrecia Martel, Lisandro Alonso ou Pablo Trapero", relata, "procede dun tempo histórico convulso na Arxentina". Sande confirma a existencia dun cinema "de urxencia e de resposta, e así se viu estes días en Xixón [no festival cinematográfico]".

A poeta Chus Pato expón, escéptica, a súa experiencia particular de espectadora: "O domingo fun ver o último de James Bond, e segue respondendo aos paradigmas da modernidade serodia, o ecoloximos sistémico, o pseudofeminismo, innovacións tecnolóxicas fascinantes, *protagonismo* dos pobos indíxenas...". Pato define o cinema hexemónico como "redución a unha loita entre o ben, a democracia financeira, e o mal, a corrupción dos transgresores do sistema".

"O documental sempre é máis inmediato", asegura José Manuel Sande, malia a que, na súa opinión, a fractura decisiva na historia do cinema aparece directamente relacionada, unha vez máis, coa II Guerra Mundial. E relacionada coas ataduras entre o real e a expresión artística: o Neorrealismo italiano.